

## CERTIFICADO DE SECRETARÍA

Lucía Artime Alonso Secretaria, do Excmo Concello da Estrada, do que é Alcalde D. José C. López Campos, **CERTIFICO** que, pola Alcaldía dictouse o Decreto nº 2018-0931, de data 7 de agosto de 2018, que a continuación se transcribe:

“Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 06/08/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o expediente tramitado, de contratación da obra “ADECUACIÓN DO MUSEO DO POBO ESTRADENSE MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA”

Visto que dentro de prazo presentaron ofertas as seguintes empresas:

- EXCAVACIONES Y TRANSPORTE IVANCA S.L.,
- DECO IDEAS S.L ,
- ABACO CR S.L.,
- JOSÉ M. NEIRA IGLESIAS,
- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. (ACEVI),
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A.,
- CONSTRUCCIÓN Y REHABILITACIÓN R. MONTAÑA S.L.,
- GROMA OBRAS S.L.,
- DENUOVO PUNTO CREATIVO S.L.,
- CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L.,
- SEGONSA,
- ANLLAR MANTENIMIENTO Y CONSTRUCCIONES,
- PROYCOSA S.A.,
- COVIASSTEC S.L.
- ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL

Vistas as declaracións responsables e de empresas vinculadas presentadas polas indicadas empresas.

Visto que, de conformidade co estipulado na cláusula 14 das do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativa á fase de negociación, enviouse un escrito aos cinco licitadores mellor clasificados, que resultaron ser: DECO IDEAS S.L, ABACO CR S.L., JOSÉ M. NEIRA IGLESIAS, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. (ACEVI) e CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L., para que formularan contestación, ben confirmando a primeira oferta presentada ou ben mellorando a mesma.

Visto que as empresas DECO IDEAS S.L., JOSÉ M. NEIRA IGLESIAS, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. (ACEVI) e CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L. presentan unha segunda oferta que mellora a presentada inicialmente.

Visto que a empresa, ABACO CR S.L., declina seguir no procedemento.

Visto que, como consecuencia do anterior e unha vez realizados os cálculos pertinentes, a empresa DECO IDEAS S.L resultou ser a que presentou a oferta máis vantaxosa para o Concello.

Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente

garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación excluído o IVE.

Visto que tamén presenta a documentación relativa á póliza de responsabilidade civil por un importe de 150.000 euros así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

Visto o informe emitido pola Sra. Interventora accidental con data 07/08/2018.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 e Decreto Nº 682/2015 de delegación desta Alcaldía de 15 de xuño de 2015.

Visto o sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015 no relativo á avocación de competencias.

## **RESOLVO**

**Primeiro.-** Avocar a competencia previamente delegada na XGL.

**Segundo.-** Adxudicar o contrato da obra “ADECUACIÓN DO MUSEO DO POBO ESTRADENSE MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA”, por importe de 98.311,29 euros, a DECO IDEAS S.L. (con CIF nº B 36162162) con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

**Terceiro.-** Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

**Cuarto.-** Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.”

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde.

O Alcalde,

A Secretaria,

(documento asinado dixitalmente á marxe)